

# A N O S A T E R R A

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICION E ADEMINISTRACION Rúa Real, 36 - 1.º A CRUÑA	PRECIOS DE SUSCRICION Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas, PAGOS ADIANTADOS			
ANO XI	★	25 de Xulio de 1927	★	Núm. 239

## D I A D E G A L I C I A

Un novo Día de Galicia que chega âs portas do noso corazón a nos lembrar o outo significado que tal data representa para quens vivimos a cotío na patriótica emoción do laborar pol-a grandeza en todol-os ordes da nosa Patria. Un novo día de Galicia que nos fai reafirmar nas arelas renovadoras de adianto, liberdade, desenrolo progresivo da nosa cultura e vigorización do sentimento galeguista.

Unha etapa anual, na que podemos pensar no que xa andívemos e que d'un xeito induvidrabre dícenos que de ano en ano o adianto foi maior, que camiñamos cada vegada máis seguros e firmes cara o día grande en que terán de cristalizar no trunfo xa conquerido as nobres ideas da santa Causa.

Día de emocións en que as verbas deixan paso âs expresións de entusiasmo, de espiritualidade inmensa e patriotismo fervoroso que son os elementos que nos sosteñen e alentan, avivando constantemente a fogueira do Ideal na tarefa de reconstitución da Terra Nai.

En cada un de nós e en todos xuntos reviven con maior ardor e firmeza hoxe que un novo Día de Galicia ponnos máis de manifesto as arelas que inspiran a nosa autuación. Seiñamos conservál-os eternamente xa que eles e a fé e a constancia son o máis xurdío patrimonio espiritual de que dispoñemos e as millores armas que podemos esgrimir na loita pol-a redención da Patria galega.

A todos cantos comulgan con nosco no Ideal xeneroso.

¡SAÚDE E TERRA!